

VI

Vida oficial da RAG

A ACADEMIA NA ACTUALIDADE

CRÓNICA DA ACADEMIA (2018)

NECROLÓXICAS:

ÉN MEMORIA DE GIULIA LANCIANI / Ivo Castro



A ACADEMIA NA ACTUALIDADE (ANO 2018)

Dende o 28 de marzo de 2017, a Comisión Executiva da Real Academia Galega estivo formada polos seguintes membros:

- Presidente: D. Víctor Fernández Freixanes
- Secretario: D. Xosé Henrique Monteagudo Romero
- Vicesecretario: D. Andrés Torres Queiruga
- Arquiteira-Bibliotecaria: D.^a Fina Casalderrey
- Tesoureira: D.^a Marilar Aleixandre

Relación dos actuais académicos numerarios

1. Excmo. Sr. D. Andrés Torres Queiruga. Ingreso: 20 de xuño de 1980.
2. Excmo. Sr. D. Manuel González González. Ingreso: 7 de febreiro de 1992.
3. Excmo. Sr. D. Salvador García-Bodaño Zunuzegui.
Ingreso: 25 de novembro de 1992.
4. Excmo. Sr. D. Xesús Alonso Montero. Ingreso: 30 de outubro de 1993.
5. Excmo. Sr. D. Xesús Ferro Ruibal. Ingreso: 4 de maio de 1996.
6. Excma. Sra. D.^a Luz Pozo Garza. Ingreso: 29 de novembro de 1996.
7. Excmo. Sr. D. Xosé Ramón Barreiro Fernández.
Ingreso: 14 de febreiro de 1997.
8. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Franco Grande. Ingreso: 3 de xullo de 1998.
9. Excmo. Sr. D. Antón Santamarina Fernández.
Ingreso: 24 de outubro de 1998.
10. Excmo. Sr. D. Ramón Lorenzo Vázquez. Ingreso: 7 de maio de 1999.
11. Excmo. Sr. D. Andrés Fernández-Albalat Lois. Ingreso: 28 de maio de 1999.
12. Excmo. Sr. D. Francisco Fernández Rei. Ingreso: 25 de setembro de 1999.
13. Excmo. Sr. D. Francisco Díaz-Fierros Viqueira.
Ingreso: 28 de setembro de 2002.
14. Excma. Sra. D.^a Rosario Álvarez Blanco. Ingreso: 6 de xuño de 2003.
15. Excmo. Sr. D. Víctor Fernández Freixanes. Ingreso: 27 de febreiro de 2004.
16. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Axeitos Agrelo. Ingreso: 30 de outubro de 2004.
17. Excmo. Sr. D. Euloxio Rodríguez Ruibal. Ingreso: 24 de marzo de 2006.
18. Excmo. Sr. D. Darío Xohán Cabana Yanes. Ingreso: 22 de abril de 2006.
19. Excmo. Sr. D. Ramón Villares Paz. Ingreso: 24 de novembro de 2006.
20. Excma. Sra. D.^a Margarita Ledo Andión. Ingreso: 7 de febreiro de 2009.
21. Excmo. Sr. D. Manuel Rivas Barrós. Ingreso: 12 de decembro de 2009.
22. Excmo. Sr. D. Bernardino Graña Villar. Ingreso: 12 de xuño de 2010.

23. Excmo. Sr. D. Xosé Henrique Monteagudo Romero.
Ingreso: 25 de febreiro de 2012.
24. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Regueira Fernández. Ingreso: 2 de xuño de 2012.
25. Excmo. Sr. D. Pegerto Saavedra Fernández.
Ingreso: 14 de setembro de 2013.
26. Excma. Sra. D.^a Fina Casalderrey Fraga. Ingreso: 22 de novembro de 2013.
27. Excma. Sra. D.^a Marilar Aleixandre. Ingreso: 14 de xaneiro de 2017.
28. Excma. Sra. D.^a M.^a Xesús Pato Díaz. Ingreso: 23 de setembro de 2017.
29. Ilma. Sra. D.^a Ana Romaní. Electa: 17 de marzo de 2018.

Relación dos actuais académicos de honra

1. Excmo. Sr. D. Giuseppe Tavani. Ingreso: 22 de maio de 2004.
Faleceu o 22 de marzo de 2019.
2. Excmo. Sr. D. John Rutherford. Ingreso: 4 de outubro de 2008.
3. Excmo. Sr. D. Carlos Alberto Zubillaga Barrera.
Ingreso: 21 de abril de 2012.
4. Excmo. Sr. D. Arcadio López-Casanova. Ingreso: 9 de novembro de 2013.
5. Excma. Sra. D.^a Giulia Lanciani. Ingreso: 7 de marzo de 2014.
Faleceu o 14 de novembro de 2018.
6. Excma. Sra. D.^a Nélida Piñon. Ingreso: 27 de setembro de 2014.
7. Excmo. Sr. D. Basilio Losada Castro. Ingreso: 3 de outubro de 2015.
8. Excma. Sra. D.^a Marina Mayoral. Ingreso: 2 de decembro de 2017.

Relación dos actuais académicos correspondentes por orde de ingreso:

1. Ilmo. Sr. D. José Luis Varela Iglesias. Ingreso: 26 de marzo de 1950.
2. Ilmo. Sr. D. José Ignacio Carro Otero. Ingreso: 22 de outubro de 1967.
3. Ilmo. Sr. D. Xosé López Calo. Ingreso: 22 de outubro de 1967.
4. Ilmo. Sr. D. Carlos Compañé Fernández. Ingreso: 10 de marzo de 1968.
5. Ilmo. Sr. D. Daniel D. Vidart. Ingreso: 5 de xullo de 1970.
6. Ilmo. Sr. D. Manuel Carlos García Martínez.
Ingreso: 30 de xaneiro de 1972. *Faleceu o 17 de marzo de 2018.*
7. Ilmo. Sr. D. Xosé Manuel González Reboredo.
Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.
8. Ilmo. Sr. D. Francisco Xavier Carro Rosende.
Ingreso: 17 de novembro de 2001.
9. Ilmo. Sr. D. Fernando López-Acuña López.
Ingreso: 17 de novembro de 2001.
10. Ilmo. Sr. D. Ivo Castro. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.

11. Ilmo. Sr. D. Dieter Kremer. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
12. Ilma. Sra. D.^a Teresa Barro Muñoz-Ortiz. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
13. Ilmo. Sr. D. Xosé María Lema Suárez. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
14. Ilmo. Sr. D. Xulio Ríos. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
15. Ilmo. Sr. D. Luís Daviña Facal. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
16. Ilmo. Sr. D. Johannes Kabatek. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
17. Ilmo. Sr. D. Xoán Babarro González. Ingreso: 14 de decembro de 2002.
18. Ilmo. Sr. D. Xoán Bernárdez Vilar. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
19. Ilmo. Sr. D. Francisco Calo Lourido. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
20. Ilmo. Sr. D. Augusto Pérez Alberti. Ingreso: 7 de febreiro de 2004.
21. Ilmo. Sr. D. Xosé Xove Ferreiro. Ingreso: 7 de febreiro de 2004.
22. Ilmo. Sr. D. Modesto Aníbal Rodríguez Neira.
Ingreso: 27 de marzo de 2004.
23. Ilma. Sra. D.^a María Dolores Sánchez Palomino.
Ingreso: 27 de marzo de 2004.
24. Ilmo. Sr. D. Francisco Antonio Cidrás Escáneo.
Ingreso: 27 de marzo de 2004.
25. Ilmo. Sr. D. Ernesto Xosé González Seoane. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
26. Ilmo. Sr. D. Domingo Frades Gaspar. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
27. Ilmo. Sr. D. Felipe Lubián Lubián. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
28. Ilmo. Sr. D. Héctor Manuel Silveiro Fernández.
Ingreso: 9 de outubro de 2004.
29. Ilmo. Sr. D. Carlos Xesús Varela Aenlle. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
30. Ilmo. Sr. D. Manuel Caamaño Suárez. Ingreso: 18 de decembro de 2004.
31. Ilmo. Sr. D. Jorge Arbeleche. Ingreso: 20 de setembro de 2005.
32. Ilmo. Sr. D. Craig Patterson. Ingreso: 13 de xaneiro de 2007.
33. Ilmo. Sr. D. Luís Manuel García Mañá. Ingreso: 28 de abril de 2007.
34. Ilmo. Sr. D. Víctor Campio Pereira González.
Ingreso: 15 de xaneiro de 2011. *Faleceu o 24 de xullo de 2018.*
35. Ilmo. Sr. D. Farruco Sesto Novas. Ingreso: 15 de xaneiro de 2011.
36. Ilma. Sra. D.^a Débora Campos Vázquez. Ingreso: 25 de marzo de 2011.
37. Ilma. Sra. D.^a Ana Isabel Boullón Agrelo. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
38. Ilmo. Sr. D. Xosé Henrique Costas González.
Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
39. Ilmo. Sr. D. Gonzalo Navaza Blanco. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
40. Ilmo. Sr. D. Antón Palacio Sánchez. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
41. Ilmo. Sr. D. Francisco Cerviño González. Ingreso: 30 de marzo de 2012.
42. Ilma. Sra. D.^a Alba Nogueira López. Ingreso: 30 de marzo de 2012.
43. Ilmo. Sr. D. Xavier Vence Deza. Ingreso: 22 de xuño de 2012.

44. Ilma. Sra. D.^ª Olivia Rodríguez González. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
45. Ilmo. Sr. D. Fernando Ramallo Fernández. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
46. Ilmo. Sr. D. José Manuel González Herrán. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
47. Ilma. Sra. D.^ª Luz Méndez Fernández. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
48. Ilma. Sra. D.^ª María Goretti Sanmartín Rei. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
49. Ilmo. Sr. D. Xosé Antón Fraga Vázquez. Ingreso: 18 de xaneiro de 2013.
50. Ilmo. Sr. D. Clodio González Pérez. Ingreso: 5 de novembro de 2016.
51. Ilmo. Sr. D. Jorge Mira Pérez. Ingreso: 16 de decembro de 2016.
52. Ilmo. Sr. D. Carlos Xabier Rodríguez Brandeiro.
Ingreso: 16 de decembro de 2016.
53. Ilmo. Sr. D. Takekazu Asaka. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
54. Ilmo. Sr. D. Marcos Bagno. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
55. Ilma. Sra. D.^ª Olga Castro. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
56. Ilma. Sra. D.^ª Helena González Fernández. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
57. Ilma. Sra. D.^ª Kirsty Hooper. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
58. Ilma. Sra. D.^ª Helena Villar Janeiro. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
59. Ilma. Sra. D.^ª Helena Zernova. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
60. Ilma. Sra. D.^ª Carme Pazos Balado. Ingreso: 17 de marzo de 2018.
61. Ilmo. Sr. D. Afonso Vázquez Monxardín. Ingreso: 26 de outubro de 2018.
62. Ilma. Sra. D.^ª Mercedes Queixas Zas. Ingreso: 14 de decembro de 2018.

CRÓNICA DA ACADEMIA (ANO 2018)

XUNTAS ACADÉMICAS

O Pleno da Real Academia Galega reuniuse en Xunta ordinaria e extraordinaria, durante o ano 2018, nas seguintes datas:

Xunta ordinaria

- 17 de marzo de 2018.
- 7 de xullo de 2018.
- 26 de outubro de 2018.
- 14 de decembro de 2018.

Xunta extraordinaria

- 17 de maio de 2018.
Día das Letras Galegas dedicado a María Victoria Moreno.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 17 DE MAIO DE 2018

No plenario celebrado pola corporación o 17 de xullo de 2017 elixiuse a María Victoria Moreno (Valencia de Alcántara, Cáceres, 1939 – Pontevedra, 2005) como personalidade literaria a celebrar o Día das Letras Galegas de 2018.

Licenciada en Filoloxía Románica en Madrid, María Victoria Moreno chegou a Galicia en 1963, con só 22 anos, como profesora e axiña asumiu a cidadanía en galego, idioma no que enriqueceu as nosas Letras tanto na narrativa –nomeadamente a infantil e xuvenil– como nos estudos literarios, no ensaio, na poesía e na didáctica da lingua e da literatura galegas.



Fot.: colección familiar.

“Eu non son alófona porque o que practico, se é que escribo, podería definirse coma unha amorosa autofonía [...]. A miña relación con Galicia e a miña opción pola súa lingua é simplemente unha historia de amor”, declaraba María Victoria Moreno, en 1993, no congreso *Poetas alófonos en lingua galega*. Dúas décadas atrás, a autora publicara *Mar adiante* (1973), o seu primeiro libro en galego (ilustrado por ela mesma), un ano despois de gañar con “Crarisca e o luceiro” o segundo premio do Concurso de Contos Infantís da Agrupación Cultural O Facho. Con esta primeira novela, a profesora de orixe estremeña convertíase nunha das voces pioneiras da narración en galego destinada ao público

máis novo, ao que dedicaría tamén boa parte da súa produción literaria posterior, con notable recoñecemento tanto da crítica como do público.

Outro título destacado na súa traxectoria, *Anagnórise* (1989), é un dos maiores éxitos da literatura xuvenil na nosa lingua: a novela foi incluída na listaxe de honra do IBBY (Organización Internacional para o Libro Xuvenil) en 1990 e chegaron a se editar en poucos anos vinte edicións. Pero o seu libro preferido era *Leonardo e os fontaneiros* (1986), co que gañou o terceiro premio O Barco de Vapor de 1985. Con *Guedellas de seda e liño* (1999), outra das historias nas que demostra a súa capacidade de chegar ao público adolescente, entrou na prestixiosa listaxe internacional de White Ravens 2002. Un par de anos despois saíría do prelo *Diario da luz e a sombra* (2004), onde reflectiu a experiencia da enfermidade que acabou pouco despois coa súa vida, o 21 de novembro de 2005.

María Victoria Moreno soubo tamén transmitir a paixón pola lingua e a literatura como profesora, tanto nas clases de lingua galega semiclandestinas que impartía gratuitamente nos anos 70 en Pontevedra (Asociación de Amigos da Cultura, 1971-1974), Vilagarcía de Arousa (1973-1975) ou Ourense (Ateneo, 1974-1975) como nas oficiais de Lingua e literatura españolas que deu durante décadas no ensino secundario. Polas primeiras, en concreto as impartidas no Ateneo de Ourense, a Policía de Pontevedra chegou a retirarlle o pasaporte a comezos de 1975 por entender que esta institución estaba gobernada por dirixentes subversivos.

No Instituto de Lugo orientou as inqedanzas lingüísticas e literarias dun dos seus alumnos, Xesús Rábade Paredes, promovendo a edición do seu primeiro libro de poemas, que lle prologou. Tras un par de anos nesta cidade e mais un tempo en Vilalonga (Sanxenxo), volveu a Pontevedra, onde seguiu engaiolando a xeracións de rapaces e rapazas, primeiro no instituto Valle-Inclán e despois no Torrente Ballester, ao que lle levou a súa biblioteca persoal.

No eido educativo asinou, ademais, libros de texto que aínda hoxe se consultan: foi coautora de *Literatura. Século XX. Iniciación universitaria* (1985) e de *Literatura. 3º de BUP* (1987). *As linguas de España* e *Verso e prosa* (1991) son outros exemplos do seu traballo rigoroso no eido da didáctica. E tamén cómpre lembrar que foi mestra de mestres en cursos como os que impartiu sobre literatura galega para docentes a comezos dos 80.

A tradución é outro terreo no que María Victoria Moreno realizou achegas destacadas. Ver-teu obras desde o catalán, idioma co que dialogaba como filóloga e poeta, e realizou as traducións ao castelán da antoloxía bilingüe *Os novísimos da poesía galega* (1973), escolma que preparou e prologou ela mesma con poemas de Margarita Ledo, Darío Xohán Cabana, Fiz Vergara Vilariño ou Xesús Rábade. Cómpre tamén lembrar outras facetas da autora, como a de libreira en Pontevedra, onde abriu xunto a outros intelectuais, en 1968, a librería Xuntanza, unha trinchera máis para promover a literatura e espallar os libros. No eido editorial, foi ademais codirectora da colección infantil de Galaxia, *Árbore*, desde o seu inicio.

SESIÓN ACADÉMICA

A sesión extraordinaria e pública da Real Academia Galega do 17 de maio tivo lugar no Teatro Principal de Pontevedra ás 12:30 horas, segundo o seguinte programa:



Sesión plenaria extraordinaria e pública da Real Academia Galega, coa intervención dos Excmos. Sres. Académicos:

D.^ª Marilar Aleixandre

D.^ª Fina Casalderrey

D. Xesús Alonso Montero

Pecha o acto o Excmo. Sr. Presidente da Real Academia Galega

D. Víctor Fernández Freixanes



Marilar Aleixandre, Fina Casalderrey e Xesús Alonso Montero durante as súas intervencións.
Foto: Gustavo Santos.

O acto comezou coa interpretación da Marcha do Antigo Reino de Galicia a cargo do grupo Os de Algures. O presidente da Real Academia Galega, logo da interpretación, abriu a sesión.

Marilar Aleixandre comezou a quenda das alocucións académicas desde a perspectiva de xénero, cunha análise das tensións entre a igualdade e os roles tradicionais das mulleres na vida e na obra da escritora. A académica destacou como, malia todos os atrancos, María Victoria foi quen de elaborar unha obra narrativa e ensaística de gran calidade, e contribuír coa súa escrita e co seu compromiso á causa da lingua galega e á consolidación da literatura infantil e xuvenil.

O acto continuou co discurso de Fina Casalderrey. A académica e amiga persoal da autora percorreu os seus escenarios vitais e literarios, cunha chea de referencias á cidade que a acolleu, Pontevedra, e á súa personalidade a través de fragmentos da súa obra. Detívose especialmente no compromiso da autora coa lingua e co ensino, sempre da man, tanto nas aulas, como profesora de adolescentes e mesmo mestra de literatura galega para mestres, como na literatura.

Xesús Alonso Montero retrocedeu ata o curso 1965-1966, cando a coñeceu en Lugo, onde foi docente dous cursos. Nesta vila agromou o compromiso cívico e literario da homenaxeada co idioma, que a levou a impartir cursos de galego en distintas localidades. Este feito custoulle a retirada do pasaporte.

O presidente da Real Academia Galega pechou a celebración destacando a faceta que a propia María Victoria Moreno priorizaba, a de profesora, que consideraba “o mellor oficio do mundo”.

O grupo Os de Algures púxolle o ramo á celebración coa interpretación do Himno galego.



Os de Algures pecharon o acto coa interpretación do Himno Galego.
Foto: Gustavo Santos.



Os membros da Academia, acompañados das autoridades e da familia de María Victoria Moreno. Foto: Gustavo Santos.

SIMPOSIO MARÍA VICTORIA MORENO



Xa case a piques de finalizar o ano dedicado a María Victoria Moreno, nos días 27 e 28 de novembro celebrouse no salón de actos da Real Academia Galega o simposio destinado a profundar, a través das disertacións de quince especialistas, na personalidade e na obra literaria da autora.

O Simposio María Victoria Moreno foi inaugurado polo presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e as organizadoras do programa, as académicas Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre, e decorreu seguindo o seguinte programa:

Martes 27 de novembro. Obra literaria de María Victoria Moreno

- 16:30 h Inauguración / **Víctor F. Freixanes**
- 16:45 h **Conferencia inaugural**
Un lugar de honra na LIX. María Victoria Moreno
/ **Blanca-Ana Roig Rechou**
- 17:45 **Relatorio**
María Victoria Moreno e a poesía para a infancia
/ **Antonio García Teijeiro**
- 18:30 h **Mesa redonda.** A obra de María Victoria Moreno
Modera: **Xoán Babarro**
Daquelas que contan... / **Mercedes Queixas Zas**
Algunhas claves do discurso literario de María Victoria Moreno
/ **Isabel Soto**
A transcendencia no *Diario da luz e a sombra* / **Andrés Torres Queiruga**
- 20:00 h **Recital**
Presenta: **Xesús Rábade Paredes**
Xesús Rábade Paredes Antonio García Teijeiro
Mercedes Queixas Zas Xoán Babarro
Ana María Fernández Darío Xohán Cabana



Pola esquerda, Xoán Babarro, Mercedes Queixas, Antonio García Teijeiro, Marilar Aleixandre, Fina Casalderrey, Víctor F. Freixanes, Blanca-Ana Roig, Isabel Soto e Andrés Torres Queiruga.

A obra literaria da autora centrou a primeira xornada do Simposio. Tras a apertura do foro, Blanca-Ana Roig Rechou, experta en literatura infantil e xuvenil, pronunciou a conferencia inaugural.

Para Blanca-Ana Roig, a literatura de María Victoria Moreno é unha literatura innovadora no seu tempo: a autora foi, con *Mar adiante* (1973), “a primeira escritora en galego que se posicionou, con amabilidade, ante un modelo de ensino diferente”; e pioneira na reescritura dos contos populares, para facer deles un uso “humanizador e mesmo ideolóxico”, adaptados á contorna próxima.

Antonio García Teijeiro, Premio Nacional de LIX e amigo persoal da homenaxeada, detívose na relación entre María Victoria Moreno e a poesía para a infancia, un xénero que cultivou en títulos como *Eu conto, ti cantas* ou a historia en verso da cadeliña Alma de *E haberá un tirón de orellas?*

A mesa redonda, moderada polo académico correspondente Xoán Babarro, afondou na produción literaria de María Victoria. A escritora Mercedes Queixas dedicou a súa intervención a unha “moi significativa” marca autoral da narrativa de María Victoria Moreno: a presenza de mulleres como protagonistas. Tamén repasou desde a perspectiva de xénero a primeira novela da autora, *Onde o aire non era brisa*, escrita nos anos 60 e publicada postumamente en galego.

Isabel Soto profundou nalgunhas claves do discurso literario da escritora. Analizou a súa concepción da escrita como desaforo, a súa relación cos libros e coa lectura, a vocación docente que sempre confesou, o compromiso coa lingua galega e as estratexias discursivas recorrentes nos seus textos.

O académico Andrés Torres Queiruga abordou finalmente a transcendencia no *Diario da luz e a sombra* (2004).

A tarde do martes rematou cun recital conducido polo escritor Xesús Rábade Paredes, exalumno e amigo de María Victoria Moreno, que uniu a súa voz ás voces de Darío Xohán Cabana, Ana María Fernández, Antonio García Teijeiro, Mercedes Queixas e Xoán Babarro.

Mércores 28 de novembro. Acción cultural e biografía de María Victoria Moreno

- 16:30 h Relatorio**
María Victoria, xenerosidade e compromiso coa cultura galega
/ **Xavier Senín**
- 17:00 h Relatorio**
A mestra e a pegada do camiño ensinado / **Fina Casalderrey**
- 17:30 h Mesa redonda.** María Victoria Moreno, Vida e acción cultural
Modera: **Marilar Aleixandre**
María Victoria Moreno, ensaísta / **Manuel Bragado**
María Victoria Moreno: compromiso e conciencia cívica dunha muller
adiantada ao seu tempo / **Isabel Mociño**
María Victoria Moreno, autora de libros de texto ou como explicar a lite-
ratura galega á mocidade / **Montse Pena Presas**
- 19:00 h Conferencia de clausura**
O activismo cultural e cívico de María Victoria Moreno
/ **Xesús Alonso Montero**
- 19:50 h Proxección**
María Victoria Moreno nas aulas de hoxe:
vídeos de participación nos centros escolares
- 20:15 h Clausura**

A xornada do mércores 28 de novembro ofreceu diversas olladas á biografía e á acción cultural da autora.

O primeiro relatorio correu a cargo do amigo persoal, biógrafo e editor da homenaxeada, Xavier Senín. O tradutor coñeceu a autora cando esta participou como profesora de profesores nos primeiros cursos de lingua e cultura galegas para o profesorado, que se empezaron a impartir nos primeiros anos 80 do século pasado. Fina Casalderrey afondou na pegada que deixou María Victoria Moreno como docente.

Na mesa redonda da segunda xornada, Manuel Bragado introduciu outro perfil da escritora homenaxeada, o de ensaísta. Como tal, salienta o seu *Diario da luz e a sombra* (2004), a crónica como enferma do cancro de mama que acabaría

coa súa vida. Isabel Mociño indagou no labor polifacético dunha autora cuxo traballo como escritora, docente, editora ou tradutora foi esencial para o despegar da literatura infantil e xuvenil galega. Montse Pena Presas analiza o contexto e o contido dos dous manuais de literatura galega para 3º de BUP e COU, *Literatura século XX* e *Literatura 3º BUP*, que elaborou xunto ao seu antigo alumno Xesús Rábade e, no caso do libro de 3º de BUP, tamén con Luís Alonso Girgado.

Na conferencia de clausura, o académico Xesús Alonso Montero, amigo persoal da homenaxeada, percorreu o activismo cultural e cívico de María Victoria Moreno.

O Simposio pechouse coa proxección dunha escolma de vídeos que ilustran como se vive hoxe a obra e a figura de María Victoria Moreno nos centros escolares.

No acto de clausura interviñeron Víctor Fernández Freixanes, presidente da Real Academia Galega, e Valentín García Gómez, secretario xeral de política Lingüística. Tamén Pedro Ferriol, viúvo da escritora, aproveitou o momento para dicir unhas palabras.



Pedro Ferriol intervién na clausura do Simposio María Victoria Moreno acompañado do presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, e as coordinadoras do encontro, Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre.



PRIMAVERA DAS LETRAS DEDICADA A MARÍA VICTORIA MORENO

O 22 de febreiro de 2018, a Real Academia Galega presentou, da man da comunidade educativa do colexio de educación primaria Marcos da Portela, o proxecto web Primavera das Letras dedicado á protagonista do Día das Letras Galegas 2018.

Primavera das Letras fornece o profesorado de infantil e primaria, os pais e nais e o propio alumnado destas etapas de propostas didácticas e lúdicas arredor do universo vital e literario da homenaxeada. As actividades están deseñadas cun enfoque interdisciplinario e en relación con distintos contidos do currículo escolar para poder traballar na aula ou na casa, non só aspectos lingüísticos e literarios, senón tamén contidos e competencias de coñecemento do medio natural e social, historia ou educación artística. Os materiais de Primavera das Letras fóronse publicando de maneira continua ata as vésperas do 17 de maio.

Tras as palabras de benvida da directora, Alicia Martínez, o presidente Víctor F. Freixanes e a académica Fina Casalderrey foron os encargados de presentar o proxecto. O evento contou tamén coa presenza da filla da homenaxeada, Begoña Llácer Moreno, e o seu viúvo, Pedro Ferriol, xunto a alumnos e alumnas, membros da ANPA e docentes dos centros educativos próximos (o IES Torrente Ballester, no que María Victoria Moreno ensinou na súa última etapa profesional, o IES Luís Seoane, a EEI Fina Casalderrey, o CEIP de Lárez e a UNED).



Alumnado e profesorado do CEP Marcos da Portela, membros da Academia e familiares de María Victoria Moreno.

Os propios nenos e nenas do CEP Marcos da Portela puxéronlle o ramo á celebración cunha homenaxe a María Victoria Moreno na que recitaron e dramatizaron distintos anacos da súa obra, desde versos de *Elexías de luz* a un fragmento do pregón que leu na Feira do Libro de Pontevedra de 2003.

Neste ano convocouse a segunda edición do concurso “Contádenos o voso Día das Letras”, aberto a todos os centros escolares de Galicia con alumnado de infantil e primaria, que puideron participar presentando as actividades desenvolvidas durante o curso 2017-2018 polos nenos e nenas destas etapas arredor da protagonista do Día das Letras Galegas 2018. Nesta edición participaron 82 centros de todo o país.

O CPI Virxe da Cela (Monfero), o CEIP Plurilingüe Anxo da Garda (A Coruña) e a EEI do Milladoiro (Ames) foron os gañadores desta edición do certame. No acto de entrega dos premios, celebrado o 16 de outubro de 2018, presentado polo presidente da RAG, Víctor F. Freixanes e conducido por Fina Casalderrey, interviñeron Pedro Ferriol, o viúvo de María Victoria Moreno; Francisco Castro, director xeral de Galaxia; Andrea Jamardo, de Urco Editora; e Teresa Rocamonde, responsable de comunicación de Bolanda. Estas tres editoriais e mais Xerais colaboraron no concurso achegando os lotes de libros que recibiron os tres centros gañadores.

A radio, a poesía e a música encheron a institución no acto de entrega dos galardóns da man de máis dun cento de nenos e nenas dos tres centros gañadores.



Participantes na entrega dos premios Contádenos o voso Día das Letras.

HOMENAXE A FILOMENA DATO “POETISA DAS MARIÑAS”



Moruxo, a parroquia de Bergondo na que viviu os últimos anos da súa vida, acolleu o 26 de febreiro unha homenaxe á escritora Filomena Dato (1856-1926) co gallo do seu 92 cabodano. No acto participaron representantes do Concello de Bergondo, da Real Academia Galega e das asociacións culturais Irmáns Suárez Picallo e Lisístrata, que

colaboraron nesta iniciativa para recordar a quen foi unha das escasas autoras femininas e feministas da Galicia de finais do século XIX, membro correspondente da RAG desde a fundación da institución en 1906 e segunda autora en publicar, despois de Rosalía, un libro en galego.

A homenaxe tivo lugar ao pé do camposanto. O párroco Rubén Aramburu conduciu o acto, no que tomaron a palabra a alcaldesa de Bergondo, Alejandra Pérez Máquez; Francisco Pita, da Asociación Irmáns Suárez Picallo, e o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes. A homenaxe contou tamén coa colaboración da poeta e editora Dores Tembrás, natural de Bergondo, a actriz Ana Hermida e alumnas e alumnos de 2º da ESO do CPI Cruz do Sar, que leron distintos fragmentos da obra de Filomena Dato. A mañá concluíu co descubrimento dunha escultura na honra da autora asinada por Francisco Escuredo, e a interpretación do Himno galego, a cargo de José Otero López, xunto a un retrato de Filomena Dato prestado para a ocasión por descendentes da familia da homenaxeada, que participaron na celebración xunto a veciños e veciñas.



Alumnos do CPI Cruz do Sar lendo fragmentos da obra de Filomena Dato.



José Otero interpretou o Himno galego ao final do acto.

ACTO ACADÉMICO-LITERARIO ARREDOR DO PERGAMIÑO VINDEL

A exposición *Pergamiño Vindel. Un tesouro en sete cantigas* (10 de outubro de 2017 a 4 de marzo de 2018, Museo do Mar de Galicia) permitiu admirar o manuscrito acompañado doutras pezas medievais e contemporáneas para profundar na vida cotiá, a sociedade e a estrutura de poder da época das cantigas, ou nas paisaxes que puideron servir de inspiración ao trobador.



A Real Academia Galega quixo aproveitar a ocasión, da man da Universidade de Vigo, para celebrar o 1 de marzo unha xornada académico-literaria que contou coas achegas da catedrática emérita Camiño Noia e dos académicos Xesús Alonso Montero e Henrique Monteagudo. Os tres relatores trataron desde o léxico de Martín Codax e a unidade das sete cantigas conservadas no manuscrito que leva a súa sinatura ata a posible autoría feminina de composicións coma esta, malia pasaren á historia sempre asociadas a nomes masculinos.

Na quenda dos relatorios, Camiño Noia convidou a repensar no feito de chegaren á escritura as cantigas de amigo, cuxa procedencia oral é fundamentalmente popular e feminina, segundo defendeu. A profesora falou da orixe deste grupo de cantigas e subliñou que, despois de seren interpretadas na oralidade, serían pasadas á escritura por encargo dalgún nobre con capacidade de afrontar o custo dese traballo, da tinta e do pergameo.

Deténdose no caso concreto das cantigas de Martín Codax, o académico Henrique Monteagudo explorou o vocabulario máis específico do xograr. Xesús Alonso Montero foi o encargado de pechar a quenda de relatorios profundando nas sete cantigas recollidas no Pergamiño Vindel en conxunto, que para o académico conforman “unha noveliña dramática de amor”.

Roi Casal púxolle o ramo á cita interpretando unha das composicións do xograr homenaxeado e outras propias. A xornada rematou coa visita dos membros da RAG á mostra.

NATUREZA DE ILLA. HOMENAXE DA REAL ACADEMIA A XOHANA TORRES



Co gallo do Día Internacional da Poesía (o 21 de marzo), a escritora e académica de número Xohana Torres foi recordada nun acto literario e musical no que poetas de distintas xeracións e amizades da autora leron e comentaron fragmentos da súa obra. Guadi Galego e Guillerme Fernández puxeron música a esta homenaxe. Participou tamén Andrea Ellacuría Torres, filla da escritora.

Tras a apertura do acto a cargo do presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, Marilar Aleixandre presentou o programa, que arrincou coa loanza, a cargo da poeta Ana Romaní. Da vixencia do seu legado deron conta as persoas do mundo das letras de distintas idades que foron convidadas a participar na homenaxe, desde Tamara Andrés, Ismael Ramos (ambos nados nos 90), ata Xosé Manuel Beiras e a académica Luz Pozo Garza. Carlos Negro, Ánxeles Penas, Ánxela G. Abalo, Gustavo Pernas, a académica Margarita Ledo e os académicos Xosé Luís Franco Grande e Euloxio R. Ruibal escolleron e comentaron desde



Os participantes no acto.

versos de *Do sulco* e un fragmento da peza teatral *A outra banda do Ibero*, ata poemas de *Estacións ao mar* e *Tempo de ría*. O texto escolmado por Berta Dávila, que non puido acudir ao acto, foi lido pola vicepresidenta da Deputación da Coruña e académica correspondente Goretti Sanmartín.

Na parte musical, Guadi Galego, acompañada de Guillermo Fernández, interpretou dous temas propios e converteu en cancións os poemas de Xohana Torres “Nai” e “Penélope”, a súa particular revisión do mito clásico desde a ollada feminina que conclúe co emblemático verso que lle deu tamén nome ao seu discurso de ingreso na RAG, *Eu tamén navegar*, hoxe convertido en berro colectivo de emancipación.

Na última parte da celebración, o académico Xesús Alonso Montero, director da Sección de Literatura da RAG, volveu levar o auditorio á Compostela universitaria de Xohana Torres, ata o día de 1957, a hora e o escenario exactos en que a coñeceu. A poeta interveu, no Círculo Mercantil, na clausura do ciclo *Homenaxe á poesía galega*, no que participaron dez voces novas, a súa a única feminina. Meses despois aparecería no seu primeiro libro, *Do sulco*.

A celebración contou coa participación da filla de Xohana, Andrea Ellacuría Torres, quen pechou o acto xunto ao presidente da institución, Víctor F. Freixanes.

As intervencións e os textos escolmados foron recollidos nun volume de homenaxe, coordinado por Marilar Aleixandre.




Guadi Galego e Guillermo Fernández interpretaron os poemas “Nai” e “Penélope”.



Cuberta de *Natureza de Illa*.

III XORNADA DE ONOMÁSTICA GALEGA: OS ALCUMES



O encontro, coordinado pola académica correspondente e membro do Seminario de Onomástica da RAG Ana Boullón, celebrouse coa colaboración da Deputación de Pontevedra e o Museo de Pontevedra o 20 de outubro. Nesta ocasión estivo dedicado aos alcumes, con sete relatorios que abordaron, entre outras cuestións, a súa presenza nos apelidos e as súas raíces na antropoloxía.

O programa decorreu como segue:

Sesión de mañá

- 9:30 h Inauguración
- 9:45 h Primeira sesión. Presenta: **Xesús Ferro Ruibal**
Antropoloxía do alcume: casuística nunha comunidade rural
/ **Xoán Carlos García Porral** (IES Pintor Colmeiro de Silleda)
Alcumes e sobrenomes na Galicia medieval
/ **Rosario Soto Arias** (AGOn, IESP Eusebio da Guarda da Coruña)
Aproximación á clasificación lingüística dos alcumes en Galicia
/ **Lidia Gómez Martínez** (AGOn)
- 12:30 h Segunda sesión. Presenta: **Antón Palacio**
Os alcumes da Moureira. Nomes con historias
/ **Anxos Rial** (IES Sánchez Cantón de Pontevedra)
Os alcumes nos apelidos
/ **Luz Méndez** (RAG, AGOn, asesora lingüística da CRTVG)

Sesión de tarde

- 16:30 h Terceira sesión. Presenta: **Gonzalo Navaza**
Alcumes colectivos no Portal de ditados tópicos galegos
/ **David Rodríguez** (técnico de normalización lingüística do Concello de Cedeira)
Nomes de usuario/a de editores/as da Wikipedia. Motivacións da escolla
/ **Adrián Estévez Iglesias** (Fundación Otero Pedrayo)

18:00 h Cuarta sesión

Mesa redonda. Perspectivas multidisciplinares no estudo da onomástica

Modera: **Ana Boullón**

Participantes:

Manuel Ferreiro (Universidade da Coruña)

Jaime Fagúndez (Universidade da Coruña)

José Carlos Sánchez Pardo / Marcos Fernández Ferreiro
(Universidade de Santiago de Compostela)


Nesta sesión presentáronse diversas perspectivas sobre o estudo da onomástica que mostran as posibilidades que os topónimos ofrecen para guiar ou verter distinta luz en disciplinas como a literatura (de aí a contribución de Manuel Ferreiro e a toponimia pondaliana), a bioloxía (coas representacións cartográficas de Jaime Fagúndez e Jesús Izco a partir de fitotopónimos e a súa utilidade para o estudo da botánica) e a historia medieval (onde José Carlos Sánchez Pardo e Marcos Fernández Ferreiro falaron sobre a importancia da identificación e xeorreferenciación dos topónimos altomedievais). Cada un dos intervenientes falou durante 10-15 minutos e despois houbo unha quenda para preguntas ou comentarios.

19:30 h Clausura

Os traballos presentados nesta III xornada, así como os estudos de onomástica tratados na mesa redonda, recolléronse no volume da Sección de Lingua *Estudos de Onomástica Galega III: os alcumes*, en edición da académica correspondente Ana Boullón.



Intervenientes na III Xornada de Onomástica Galega.



Cuberta da publicación que recolle os traballos da Xornada.

TOPONIMÍZATE. FALÁMOSCHE DOS NOMES DA TÚA TERRA



A segunda edición do programa *Toponimízate. Falámosche dos nomes da túa terra* desenvolveuse nun total de 17 concellos. A través de charlas dirixidas ao público xeral nas que, ademais de coñecer a orixe e o significado dos nomes de cada concello e das súas parroquias e aldeas, se puido aprender a usar a aplicación colaborativa que pretende contribuír á

preservación e difusión da microtoponimia galega a través da xeolocalización. A Real Academia Galega coordinou esta iniciativa coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística. A acción enmarcouse dentro dos proxectos Toponimia de Galicia e GeoArpad que coordina a Xunta de Galicia.

O programa presentouse en conferencia de prensa o 17 de outubro de 2018, no salón de actos da Academia. Neste acto participaron o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, e o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, o técnico do Seminario de Onomástica da Academia, Vicente Feijoo, e María Luísa Pena Babío, en representación da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia.

Entre os meses de outubro e decembro celebrouse unha serie de charlas nas que o técnico Vicente Feijoo explicou como empregar a aplicación *Galicia Nomeada*, que estará proximamente dispoñible para dispositivos móbiles, ou como consultar a microtoponimia xa xeorreferenciada no “Buscador de topónimos”, así como outras utilidades desta ferramenta para as actuacións sobre o territorio dos técnicos municipais ou a promoción turística de elementos de interese cultural e rutas de sendeirismo.

A axenda desta actividade foi a seguinte:

Boqueixón, 15 de maio de 2018, Centro de formación e experimentación agroforestal de Sergude.

Castro de Rei, 19 de outubro, Casa da Cultura de Castro de Ribeiras de Lea.

Arzúa, 24 de outubro, Local social de Santa María de Arzúa.

Celanova, 26 de outubro, Sala dos Arcos da Casa do Concello.

Brión, 29 de outubro, Aula Cemit de Brión.

A Lama, 31 de outubro, CEIP A Lama.

Moaña, 16 de novembro, Salón de Plenos da Casa do Concello.

Miño, 21 de novembro, Centro Social da Rúa.

Parada de Sil, 23 de novembro, Salón de Plenos da Casa do Concello.

Cospeito, 27 de novembro, CPI Virxe do Monte de Cospeito.

Cariño, 30 de novembro, Local social da Casa do Concello.

Foz, 3 de decembro, Casa da cultura.

O Páramo, 4 de decembro, CEIP do Páramo.

Ponteceso, 12 de decembro de 2018, Fundación Eduardo Pondal.

Muros, 13 de decembro, Aula Cemit de Muros.

Xinzo de Limia, 14 de decembro, IES Lagoa de Antela.

Ribadumía, 19 de decembro, CPI Julia Becerra Malvar de Barrantes.

Fóra do territorio galego, o programa chegou a Madrid. Na Escola Oficial de Idiomas de Madrid-Jesús Maestro, o 8 de novembro, Vicente Feijoo profundou na riqueza toponímica do país e explicou a orixe e o significado dos nomes de Galicia, das catro provincias e dalgúns concellos.



Vicente Feijo explica a aplicación
Galicia Nomeada en Cariño.

HOMENAXE A JUAN ANTONIO SACO ARCE 150 ANIVERSARIO DA PUBLICACIÓN DA GRAMÁTICA GALLEGA



A Real Academia Galega celebrou en Ourense os 150 anos da publicación da primeira gramática galega elaborada con criterios científicos o 22 de novembro de 2018. O IES Otero Pedrayo acolleu a inauguración dunha exposición conmemorativa e unha xornada de homenaxe ao

seu autor, Juan Antonio Saco Arce (Toén, 1835 - Ourense, 1881), organizadas pola institución para achegar o público á figura do lingüista ourensán e á súa obra no contexto do seu tempo.

Ás 13 horas inaugurouse a mostra *150 aniversario da Gramática gallega de J. Antonio Saco Arce*, ideada e realizada polo académico correspondente Afonso Vázquez-Monxardín, e organizada co patrocinio da Deputación de Ourense e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. No acto interviñeron o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes; o vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Luís Fernández Fernández; o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; o director do IES Otero Pedrayo, Daniel Lorenzo Valdivieso; e Afonso Vázquez-Monxardín.

A exposición detívose na biografía e na gramática de Saco Arce, mais tamén noutros perfís do autor, como o de folclorista, poeta e crítico literario. Para facilitar a comprensión da súa relevancia, ofreceu unha ollada da evolución da lingua desde os tempos medievais ata hoxe. A mostra permitiu tamén contemplar testemuños da repercusión da figura de Saco Arce na prensa do momento e diferentes documentos orixinais do intelectual.

Pola tarde, a partir das 16:30 horas tivo lugar a homenaxe organizada polo Seminario de Gramática da Real Academia Galega, na que sete voces expertas trazaron o perfil biográfico de Saco Arce e afondaron na súa Gramática desde distintas perspectivas. O programa de intervencións foi o seguinte:

- 16:30 h Relatorios. Presenta: **Rosario Álvarez**
Perfil biográfico de J. A. Saco Arce, con especial atención á súa biografía intelectual / **Juan L. Saco Cid**
A *Gramática* de Saco no contexto da emerxencia destes estudos no seu tempo / **Antón Santamarina**
A literatura na gramática: Saco Arce / **Teresa López**
- 18:00 h O xurdimento da Gramática
Mesa redonda. Modera: **Xosé Luís Regueira Fernández**
A gramática na *Gramática* de Saco Arce / **Francisco X. Dubert García**
A proposta ortográfica de Saco Arce no contexto do Rexurdimento / **Xosé A. Fernández Salgado**
Descrición e prescrición na *Gramática* de Saco / **Ernesto X. González Seoane**
A obra de Saco Arce no contexto do Rexurdimento / **Xurxo Martínez**

Todas estas intervencións recóllense no presente número do *Boletín da Real Academia Galega*.



Afonso Vázquez Monxardín guiou os asistentes á inauguración ao longo da exposición.



Pola esquerda, Teresa López, Rosario Álvarez, Juan Luis Saco Cid e Antón Santamarina.

LEBRANDO A SAMUEL EIJÁN. A POESÍA RELIXIOSA GALEGA



O 12 de decembro, no convento de San Francisco de Santiago de Compostela, celebrouse a xornada *Lembrando a Samuel Eiján. A poesía relixiosa galega*. Organizada pola Real Academia Galega, a Provincia Franciscana de Santiago e a Xunta de Galicia, contou tamén coa colaboración

do Museo do pobo Galego e do Consello da Cultura Galega.

Incluía diversas intervencións que deitaron luz sobre a creación e o pensamento do autor. Neste marco foi presentado *Samuel Eiján. Poesía reunida*, volume que recompila os libros de poesía en galego publicados polo homenaxeado, nunha edición a cargo do historiador Francisco Leira e o crítico literario Armando Requeixo, e publicado tamén polas tres institucións organizadoras do encontro.

O programa do acto foi o seguinte:

- 16:00 h Relatorios. Presenta: **Belén Bouzas Gorgal**
Samuel Eiján. Tempo e pensamento / **Francisco Leira**
A teopoética galega de Samuel Eiján / **Armando Requeixo**
Venturas e desventuras da relación entre o clero católico e o galeguismo / **José R. Rodríguez Lago**
- 19:00 h Presentación do libro *Samuel Eiján. Poesía reunida*
Interveñen:
Juan Manuel Buxán
Dolores Vilavedra
Justo Beramendi
- 20:00 h Clausura
Víctor Fernández Freixanes, presidente da Real Academia Galega
Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística
José Antonio Castiñeira Chouza, ministro da Provincia Franciscana de Santiago de Compostela.

Parte das intervencións desta xornada recóllense no presente número do *Boletín da Real Academia Galega*

OUTROS ACTOS E INFORMACIÓNS

15 de xaneiro de 2018. Os alcaldes de Vilamartín de Valdeorras e O Barco de Valdeorras, Enrique Álvarez e Alfredo García; a concelleira de Cultura do Barco de Valdeorras, Margarida Pizcueta; e a directora do proxecto “As Letras de Florencio”, Débora Álvarez, visitaron a Real Academia Galega para expresar o seu interese por recuperar a figura e a obra do poeta valdeorrés Florencio Delgado Gurriarán.

19 de xaneiro de 2018. 40 aniversario da revista *Encrucillada*. O salón de actos da Real Academia Galega acolleu esta celebración nun acto no que se presentou a monografía, editada co gallo deste aniversario, *As Letras Galegas na Encrucillada*. No acto interviñeron Pedro Castelao, director da publicación; Víctor F. Freixanes, presidente da RAG; Marisa Vidal, secretaria da revista; e o teólogo Andrés Torres Queiruga, presidente da Asociación Encrucillada, primeiro presidente da revista e académico.

30 de xaneiro de 2018. Conferencia de prensa de presentación dunha campaña de promoción do dominio .gal. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e o presidente de PuntoGal, o tamén académico Manuel González, presentaron na sede da Academia unha campaña de promoción do dominio galego en Internet. Ademais dunha baixada de prezo para os novos rexistros, convocouse un concurso de microrrelatos.

21 de febreiro de 2018. Día internacional da lingua materna. Co gallo da celebración desta efeméride, presentouse na sede da Academia a publicación do Seminario de Sociolingüística *Lingua e Sociedade. A evolución sociolingüística 1992-2013*. O traballo presenta unha visión panorámica da situación social da lingua galega co obxectivo de identificar as tendencias que marcan a súa evolución nas últimas décadas. Advirte ademais, da crecente ruptura da transmisión interxeracional e duns usos minguantes do galego por parte da xente máis nova, especialmente nos ámbitos urbanos e periurbanos.

12 de marzo de 2018. Presentación da revisión e actualización do léxico matemático do Dicionario da Real Academia Galega. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e o coordinador do Seminario de Lexicografía, Manuel González, presentaron a actualización en conferencia de prensa no salón de actos da Academia. Na mesa estaban acompañados de María Victoria Otero Espinar e Xosé M.^º Masa, profesora de Análise Matemática e catedrático de Xeometría e Topoloxía da Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela, e Carlos Luís Iglesias Patiño, estatístico do Instituto Galego de

Estatística. Os tres forman parte do equipo que elaborou o informe sobre o léxico matemático do Dicionario.

9 de marzo de 2018. Premio Morales para a Promoción do Galego no Bierzo. No marco da X Xornada Martín Sarmiento, o Grupo As Médulas para a Lingua e Cultura galegas no Bierzo e Edicións Positivas impulsaron a creación deste premio. O galardón, que busca poñer en valor a figura de Antonio Fernández Morales, establece tres categorías abertas ao alumnado dos centros nos que se estuda galego nesta área galegofalante. A Real Academia Galega é unha das institucións que colaboran nesta iniciativa.

14 de marzo de 2018. Presentación da programación conmemorativa do Día das Letras Galegas dedicado a María Victoria Moreno. O acto celebrouse na Cidade da Cultura e nel participaron o presidente da Academia, Víctor F. Freixanes; o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez; o presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares; a directora adxunta da CRTVG, Rosa Vilas, e, en nome da familia, o viúvo da escritora, Pedro Ferriol.

3 de abril de 2018. Resolución do concurso de microrrelatos convocado pola Real Academia Galega e a asociación PuntoGal. O xurado, composto polo presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes; o presidente de PuntoGal e académico Manuel González; a escritora e académica correspondente Helena Villar Janeiro; o director xeral de PuntoGal, Darío Janeiro; e a poeta, editora e membro do comité de redacción de *Luzes* Doras Tembrás, avaliou os case 400 relatos de ata 200 palabras que participaron no concurso, convocado no marco dunha campaña para proxectar o galego en Internet. O relato de Silvia Camesella Gesteira, titulado “Odio as mans frías”, foi o mellor valorado. Héctor Cajaraville Araújo foi recoñecido co segundo premio por “O milagre” e Ceres Serea Manso Acuña conseguiu un terceiro premio con “Cousas que pasan”. Outros dous terceiros premios son para dous menores de idade: Nee Barros Fernández, de 15 anos, por “Desexo concedido”, e Teo Alonso Vidal, de 10 anos, por “Unha hora”.

4 de abril de 2018. Acto académico de homenaxe a María Victoria Moreno, celebrado no IES Torrente Ballester. A cerimonia, organizada polo Concello de Pontevedra, contou coa presenza de Víctor Freixanes, presidente da RAG, os académicos Xesús Alonso Montero e Fina Casalderrey e o tradutor Xavier Senín.

23 de abril de 2018. Co gallo do Día do Libro, a Biblioteca da Real Academia Galega preparou unha mostra das pezas máis significativas que custodia arredor do Pergamiño Vindel. Entre o 23 de abril e o 4 de maio, exhibíronse pezas como o artigo na revista *Arte Español* do libreiro que lle deu nome, Pedro Vindel, no que anunciaba, en febreiro de 1914, a súa descuberta e un dos escasísimos exemplares do libriño que publicou un ano despois de atopalo por casualidade, que inclúe unha edición facsimilar deste tesouro.

24 de abril de 2018. Presentación da programación que se desenvolveu en Pontevedra arredor da figura de María Victoria Moreno co gallo do Día das Letras Galegas. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, o alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores, e o concelleiro de Normalización Lingüística, Alberto Oubiña, presentaron para os medios de comunicación o calendario de actos a celebrar na cidade de Pontevedra.

24 de abril de 2018. Presentación dos actos conmemorativos do 20 cabodano do pasamento de Antón Fraguas. Nun acto que se desenvolveu no Museo do Pobo Galego, o alcalde de Cotobade, Jorge Cubela López, acompañado do presidente do Museo, Justo Beramendi, o académico correspondente e biógrafo do homenaxeado, Clodio González Pérez, o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Valentín García, e o presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, deron a coñecer as actuacións destinadas a divulgar a figura de Antón Fraguas que se van celebrar o vindeiro ano 2019.

26 de abril de 2018. *Cadernos de lingua* estrea edición dixital co seu número 36. A nova plataforma dixital vai facilitar a súa difusión internacional e vén acompañada da renovación do comité científico da publicación, que incorpora especialistas con vinculación á lingua galega pertencentes a 26 institucións académicas de todo o mundo.

2 de maio de 2018. Presentación de *María Victoria Moreno*, da colección *As miñas primeiras Letras Galegas*, dos Bolechas. No acto, celebrado na sede da Real Academia Galega, presentouse tamén o novo proxecto audiovisual dos Bolechas, centrado nas figuras homenaxeadas no Día das Letras galegas. Ademais dos propios Bolechas, na presentación participaron o presidente da Academia, Víctor F. Freixanes, e os responsables de dúas das institucións que colaboran no proxecto das Letras Galegas dos Bolechas: José Manuel López Marcos, director de mercadotecnia de Caixa Rural Galega, e Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística; o director de proxección social da TVG, Xaime Arias, e Antonio Couto, de Edicións Bolanda. Como convidados de excepción, asistiron os alumnos e alumnas do CEIP Cidade Vella da Coruña.

8 de maio de 2018. Encontros coa xente nova. A xuntanza celebrouse na sede da Academia, onde o presidente, Víctor F. Freixanes, recibiu os rapaces e rapazas que participan no proxecto *21 días co galego*. Tras a intervención do coordinador do Seminario de Sociolingüística e secretario da Academia, Henrique Montea-gudo, Pilar Ponte, profesora do IES da Pobra do Caramiñal, e Carlos Medrano, profesor do Colexio Fogar de Santa Margarida, presentaron o proxecto *21 días co galego*. Erea Castelo e Antón Míguez, estudantes do IES da Pobra do Caramiñal, e Lía Lema e Diego Oreona, do Colexio Fogar de Santa Margarida, foron os encargados de avanzar, antes do coloquio, a valoración que o alumnado fai desta

iniciativa e a súa visión sobre a situación do galego e as medidas que deberían promover a Real Academia Galega e outros axentes implicados na normalización do idioma entre a mocidade.

15 de maio de 2018. Presentación de *María Victoria Moreno: a proeza da súa vida e da súa literatura*, biografía da protagonista do Día das Letras Galegas de 2018, asinada por Xesús Alonso Montero e editada pola Voz de Galicia. Na mesa de presentación acompañaron o autor, o director de *La Voz de Galicia*, Xosé Luís Vilela, e o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, nun acto no que alumnas e alumnos do CEIP Cidade Vella da Coruña leron fragmentos da obra de María Victoria Moreno. A presentación empezou coa interpretación dunha peza musical a cargo de Antía Ameixeiras, quen fixo tamén soar o Himno co seu violín para pechar o acto.

6 de xuño de 2018. Visita oficial do presidente e do secretario da Real Academia Galega ao Concello de Lugo. A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, recibiu no pazo municipal a Víctor F. Freixanes e a Henrique Monteagudo. Na xuntanza, os representantes de ambas as institucións estudaron posibles fórmulas de colaboración entre a Academia e o Concello.

9 de xuño de 2018. Co gallo do Día Internacional dos Arquivos, a Real Academia Galega quixo sumarse á celebración coa presentación dun vídeo no que amosa o percorrido que a documentación ten que realizar desde que chega ao Arquivo da institución ata que queda preparada para ser consultada polo público.

28 de xuño de 2018. Presentación de *Padre Manuel Feijoo. Música da nosa terra*, volume que recompila as partituras que o compositor franciscano escribiu para autores senlleiros das letras galegas e arranxos para pezas populares. No acto, celebrado na sede da Real Academia Galega, Enrique Mourille, sobriño e alumno do compositor, presentou a publicación acompañado do director de Armonía Universal, o musicólogo e profesor Carlos Núñez Deza, e o presidente da Academia, Víctor F. Freixanes. O grupo Resonet ofreceu un concerto no que interpretou composicións recollidas no volume.

20 de xuño de 2018. O *Boletín da Real Academia Galega* estrea edición dixital co seu número 378. A plataforma dixital, na que tamén se hospeda *Cadernos de Lingua*, vén facilitar a súa difusión internacional.

2 de xullo de 2018. Inauguración da XXXI edición dos Cursos de lingua e cultura galegas *Galego sen fronteiras*. Na presentación, celebrada na facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela, o presidente da Academia, Víctor F. Freixanes; os codirectores dos cursos, o secretario da RAG, Henrique Monteagudo, e o director do ILG e académico, Xosé Luís Regueira; o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; a vicepresidenta da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín Rei; e o vicerreitor de Profesorado da USC, Ernesto

González Seoane, recibiron os preto de 80 estudantes procedentes de vinte e catro países.

7 de xullo de 2018. Plenario ordinario da Real Academia Galega onde se escolleu a Antón Fraguas como personalidade a homenaxear no Día das Letras Galegas de 2019.

20 de xullo de 2018. Constitución do Padroado de Honra do Centenario da Academia da Lingua Vasca-Euskaltzaindia. A constitución deste padroado tivo lugar no Pazo Foral da Deputación de Biscaia, no mesmo salón de sesións onde arrincou a creación da Academia da Lingua Vasca o 25 de xaneiro de 1918. Euskaltzaindia convidou os representantes da Real Academia Galega, a Real Academia Española e o Institut d'Estudis Catalans a participar na súa sesión plenaria do mes de xullo. O presidente da Academia, Víctor F. Freixanes, participou cunha intervención na que celebrou a ocasión de ver reunidas as catro academias das linguas de España e avogou pola necesidade dun posicionamento común a prol da presenza da realidade plural das linguas cooficiais recoñecidas constitucionalmente: galego, éuscaro e catalán.

24 de xullo de 2018. Clausura da XXXI edición dos Cursos de lingua e cultura galegas *Galego sen fronteiras*. No acto de entrega de diplomas ao alumnado, celebrado na Facultade de Filosofía, interviñeron, ademais do presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes; o director do ILG, o académico e codirector dos cursos Xosé Luís Regueira; a académica correspondente Carme Pazos, en representación do profesorado; o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; e o vicerreitor de Estudantes e Internacionalización, Víctor Arce Vázquez.

10 de setembro de 2018. *XII congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos*. O congreso celebrouse entre os días 10 e 15 de setembro en Madrid baixo o título "Novos horizontes para unha Galicia global: redes, territorio e memoria". O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, inaugurou na Casa de Galicia os encontros nos que a institución tamén participou con dous relatorios, sobre toponimia e sociolingüística, e a coorganización dunha mesa redonda sobre redes. O académico Xesús Alonso Montero pechou o programa.

24 de setembro de 2018. Visita á Real Academia galega do alumnado do instituto arxentino galego Santiago Apóstolo. A académica Fina Casalderrey, membro da executiva da institución, deulle a benvida a dezaioito estudantes do centro porteño, acompañados dos profesores Santiago Tomás Hellers e Marina Cordeiro. Os visitantes puideron coñecer despois a biblioteca e o arquivo da RAG, así como a Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

26 de setembro de 2018. Presentación do informe *A lingua no CEIP Agro do Muíño*, froito da colaboración entre o CEIP Agro do Muíño, a Real Academia Galega e o Concello de Ames. No acto, celebrado no salón de plenos do concello,

o alcalde de Ames, José Miñones Conde, conduciu a presentación do informe acompañado na mesa polo presidente da RAG, Víctor F. Freixanes; a directora do CEIP Agro do Muíño, M^a Carmen Liñares; Xaquín Loredo, coautor do informe e membro do Seminario de Sociolingüística da Academia; Isabel Vaquero, concelleira de Normalización Lingüística de Ames; e Henrique Monteagudo secretario da RAG e coordinador do Seminario de Sociolingüística. Ao acto acudiron representantes de toda a comunidade educativa de Ames e os demais actores involucrados nos distintos espazos de socialización infantil nos que intervén o Concello, así como o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Valentín García.

8 de outubro de 2018. Doazón á Real Academia Galega de correspondencia e manuscritos poéticos de Francisco Añón. Enrique González-Añón Villar fixo entrega ao presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, de dous manuscritos e varias cartas de Francisco Añón, nun acto no que tamén participaron Ángel Manuel Mayán Añón e Xosé Carlos González Añón, descendentes de Tomás Añón Paz, o irmán de Francisco Añón e de Nicolasa (quen malia ser analfabeta compuxo tamén poesías que ditou na súa vellez); Ramón Blanco Fernández, biógrafo dos dous irmáns, e Paula Alexandre Teixeira, admiradora do poeta.

9 de outubro de 2018. Sinatura dun convenio de colaboración entre a deputación da Coruña e a Real Academia Galega. O presidente da Academia, Víctor F. Freixanes, e a vicepresidenta da Deputación, Goretti Sanmartín, asinaron o acordo polo que a Deputación da Coruña achega fondos destinados, entre outras iniciativas, á celebración dos Cursos de lingua e cultura galegas Galego sen fronteiras.

20 de outubro de 2018. Entrega dos premios I Premios Morales para a promoción da lingua galega no Bierzo. O académico correspondente Héctor Silveiro representou a institución na celebración que tivo lugar nas Médulas, no Concello de Carucedo. A iniciativa recoñeceu os debuxos realizados por alumnado de infantil e textos literarios de mozos e mozas e adultos, todos eles inspirados no poema “Os magostos”, composición de Antonio Fernández Morales que forma parte da obra *Ensaio poético en dialecto berciano* (1861).

23 de outubro de 2018. Conferencia de Carlos Núñez: *O éxito da “marca celta” e a súa profundidade*. O acto, celebrado na sede da Real Academia Galega, estivo presentado polo presidente da institución, Víctor F. Freixanes.

12 de novembro de 2018. Sinatura dun protocolo de colaboración entre a Real Academia Galega e a ONCE para fornecer as persoas cegas e con discapacidade visual severa dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios para se expresar, oralmente e por escrito, en galego. Nun acto celebrado na sede da Real Academia Galega, o presidente desta institución, Víctor F. Freixanes, e o delegado territo-

rial da ONCE en Galicia, Manuel Martínez Pan, comprometéronse a traballar de forma conxunta en todo tipo de proxectos culturais de interese común encamiñados ao fomento e á promoción da lingua e da cultura galegas, e en procurar, en definitiva, máis espazos de uso para o galego entre as persoas afiliadas á ONCE.

21 de novembro de 2018. Sinatura dun convenio de colaboración entra a Deputación de Lugo e a Real Academia Galega. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, a tesoureira, Marilar Aleixandre, e a deputada de Cultura da Deputación de Lugo, Pilar García Porto, asinaron a renovación do convenio de colaboración entre a RAG e o organismo provincial, polo cal esta institución apoia distintas accións da Academia para o fomento da lingua e da cultura galegas.

1 de decembro de 2018. Homenaxe a Xesús Alonso Montero no seu 90 aniversario. O auditorio Afundación de Vigo acolleu esta celebración organizada pola Asociación Premios da Crítica de Galicia, na que colaboran as tres universidades, o Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega. O acto foi conducido por Bieito Ledo. Na súa primeira parte, de carácter literario, participou o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes. A continuación proxectouse a película documental *Cidadán Alonso Montero, o mestre das palabras* de Xan Leira

10 de decembro de 2018. Visita institucional do arcebispo de Santiago de Compostela á Real Academia Galega. Na sede da Academia, o presidente Víctor F. Freixanes recibiu a Julián Barrios e os seus acompañantes, o vicechanceler secretario da arquidiocese de Santiago, Manuel Jesús Formoso, e o párroco da cidade vella da Coruña, Andrés García Vilariño.

20 de decembro de 2018. Doazón á Real Academia Galega da pintura *Reflexións entre as nubes. Homenaxe a Marcel Proust e a Rosalía de Castro*, de Ángel Orcajo. O pintor fixo entrega da peza na sede da institución acompañado do seu presidente, Víctor F. Freixanes, e o crítico de arte Antón Castro.

27 de decembro de 2018. Elixida “deseucalíptización” como Palabra do Ano 2018. O termo sumou o maior número de apoios na iniciativa promovida polo Portal das Palabras, o proxecto web da Real Academia Galega e a Fundación Barrié para a divulgación do léxico galego.



40 aniversario de *Encrucillada*. Pola esquerda, Pedro Castelao, Víctor F. Freixanes, Marisa Vidal e Andrés Torres Queiruga. 19 de xaneiro de 2018.



Encontros coa xente nova. Alumnos do IES da Pobra do Caramiñal e do Colexio Fogar de Santa Margarida participantes en *21 días co galego*. 8 de maio de 2018.



Presentación de *Padre Manuel Feijoo. Música da nosa terra*. Un momento do concerto de Resonet. 28 de xuño de 2018.



Membros de Euskaltzaindia, representantes das demais academias e autoridades políticas nas escaleiras do Pazo Foral de Biscaia. 20 de xullo de 2018. Fonte: Euskaltzaindia



Carlos Núñez na rúa Tabernas, antes da súa conferencia *O éxito da "marca celta" e a súa profundidade*. 23 de outubro de 2018.



Ángel Orcajo, Víctor F. Freixanes, e o crítico de arte Antón Castro no acto de doazón do cadro *Reflexións entre as nubes*. 20 de decembro de 2018.

ACTIVIDADES DA CASA-MUSEO EMILIA PARDO BAZÁN

4 de xaneiro de 2018. Os Xoves da rúa Tabernas: “Por Curiosidade. Astronomía, versos e mulleres eclipsadas na ciencia [e non só]”, faladoiro coa escritora Estíbaliz Espinosa, que achegou o público á literatura e á ciencia e fixo fincapé nas figuras de científicas e escritoras universais.

10 de xaneiro de 2018. Primeiro encontro do ciclo “Experiencias feministas. Preparando a convocatoria do 8M”.

12 de xaneiro de 2018. Presentación de *La Tribuna*, adaptación operística do compositor Gabriel Bussi e o escritor Javier Ozores da novela homónima de Emilia Pardo Bazán. O acto celebrouse na antiga Fábrica de Tabacos, convertida na nova sede da Audiencia Provincial da Coruña, e foi coorganizado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e a Real Academia Galega / Casa-Museo Emilia Pardo Bazán. Xunto aos autores do libreto, na presentación interviñeron o presidente do Tribunal de Xustiza de Galicia, Miguel Ángel Cadenas; o presidente da Real Academia Galega e director da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, Víctor F. Freixanes; o director xeral de Xustiza, Juan José Martín Álvarez, e a condesa de Pardo Bazán, Carmen Colmeiro. A soprano Teresa Nóvoa, acompañada no piano por Haruna Takebe, puxo o ramo á presentación interpretando dúas pasaxes da ópera.

17 de xaneiro de 2018. Segundo encontro do ciclo “Experiencias feministas. Preparando a convocatoria do 8M”.

24 de xaneiro de 2018. Mesa redonda “Sociedade e Patrimonio”, dentro do ciclo *Reflexións sobre pasado e cidade. Informe caixa da memoria*, organizado polo Concello da Coruña. No acto interviñeron José Miguel Andrade, profesor de Historia Medieval da Universidade de Santiago de Compostela, Rosa Brañas, profesora de Historia Antiga da Universidade de Vigo, Xulia Santiso, conservadora da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, e Ana Santorum, directora da Torre de Hércules.

25 de xaneiro de 2018. Terceiro encontro do ciclo “Experiencias feministas. Preparando a convocatoria do 8M”.

1 de febreiro de 2018. Os Xoves da rúa Tabernas: “A Torre soñada na literatura”, faladoiro con Ana Santorum, directora da Torre de Hércules.

2 de febreiro de 2018. Cuarto encontro do ciclo “Experiencias feministas. Preparando a convocatoria do 8M”.

1 de marzo de 2018. Os Xoves da rúa Tabernas: “Por que a folga? Por que a manifestación?”. Encontro sobre experiencias feministas e sobre a folga do 8 de marzo, día da Muller traballadora, con persoas e colectivos relacionados coa loita feminista. Esta actividade foi a última do ciclo dos Xoves da rúa Tabernas.

23 de abril de 2018. Día do Libro. A Casa-Museo Emilia Pardo Bazán e o grupo de teatro Casa Hamlet celebran a data coa presentación de “Veneris Dies”, espectáculo teatral formado por diversas pezas breves.

18 de maio de 2018. Día internacional dos Museos. A Casa-Museo Emilia Pardo Bazán quixo celebrar esta efeméride cunha programación especial, que se desenvolveu en penumbra, recreando a atmosfera dun fogar do século XIX, co único apoio da iluminación das lanternas que se lles facilitaron ás persoas que se sumaron a esta iniciativa.

A celebración arrincou ás seis da tarde, co obradoiro “Tic Tac Cluedo. Onde están as mulleres no Museo?”, concibido para nenas e nenos entre os 6 e os 12 anos e conducido por Neves Seara. Ás sete da tarde o Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña interpretou “Instantes”, baile contemporáneo con coreografía de Armando Martén. A partir das 19 horas e ata a medianoite proxectouse “A inquietude das cousas”, unha intervención audiovisual da artista arxentina Romina Casile baseada na extracción de sons de elementos da esfera doméstica.

A partir das oito da tarde e en quendas de quince minutos interpretáronse distintas representacións dramatizadas, no formato de microteatro, da man de Casa Hamlet, baixo a dirección de Santiago Fernández.

26 de maio de 2018. Presentación da Sala Emilia Pardo Bazán da antiga Fábrica de Tabacos da Coruña. No espazo exhibense fondos relacionados coa escritora, co complexo fabril que converteu no escenario central da súa novela *La Tribuna* e coas cigarreiras, as mulleres nas que se inspirou para escribir a que foi a primeira novela española que lle deu protagonismo á clase obreira. A presentación coincidiu coa clausura do Festival Resis, cun concerto de piano no patio que dá acceso ao espazo que leva o nome da escritora na actual sede da Audiencia Provincial da Coruña. A instalación destes elementos corre a cargo da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, co apoio de Marineda City.

21 de setembro de 2018. 167 aniversario do nacemento de Emilia Pardo Bazán. O centro comercial Marineda City patrocinou a celebración da data, conducida polas actrices de Inversa Teatro no seu papel de mulleres ilustradas do século XVIII, que fixeron con humor constantes referencias á homenaxeada.

O acto comezou coas intervencións do presidente da Real Academia Galega e director da Casa-Museo, Víctor F. Freixanes, e a xerente de Marineda City, Ana López. Ambos os dous foron os encargados de entregar os premios de relato breve en galego e castelán, respectivamente, aos gañadores do I Concurso Iconografías sobre Marineda, mentres que a académica Margarita Ledo fixo entrega do de fotografía. Na modalidade de relato breve en galego a gañadora foi Eva Castro por “Eu non son de ninguén”. O xurado da modalidade de relato breve en castelán

escolleu como mellor texto “El faro del fin de mundo” de Andrés López Docampo. No premio de fotografía, a imaxe gañadora foi “Ondas do mar do Orzán” de Luis Vázquez Álvarez.

Tras a entrega dos premios, a conservadora da Casa-Museo, Xulia Santiso, presentou a conversa entre o presidente da Academia Galega de Gastronomía, Javier Ozores, e o chef Javier Rodríguez Ponte *Taky* arredor da reinterpretación das receitas de Emilia Pardo Bazán que este último realizou para a ocasión.

24 de outubro de 2018. Presentación do número 12 de *La Tribuna. CADERNOS DE ESTUDOS DA CASA-MUSEO EMILIA PARDO BAZÁN*. No acto interviñeron o presidente da Real Academia Galega e director da Casa-Museo, Víctor F. Freixanes; o director da publicación, o académico Xosé Ramón Barreiro Fernández; Javier Ozores, autor do libreto que adapta a novela *La Tribuna* á ópera; e a doutora Mar Novo, que centrou a súa intervención nos contos de Emilia Pardo Bazán. No acto deuse a coñecer un novo conxunto documental adquirido recentemente pola Real Academia Galega e conformado por un total de 85 cartas autógrafas, ata o momento inéditas, que a autora lle enviou, entre os anos 1870 e ben entrado o século XX, á súa amiga Carmen Miranda Armada.

22 de novembro de 2018. Presentación do libro *Violación Nueva York* de Jana Leo. Na mesa de presentación, a autora estivo acompañada por Nilo Casares, crítico de arte e comisario.



Gabriel Bussi, a pianista Haruna Tabeke e a soprano Teresa Nóvoa nun momento da presentación musical. 12 de xaneiro de 2018.



As actrices de Inversa Teatro interveñen na entrega do premio de fotografía xunto á académica Margarita Ledo. 21 de setembro de 2018.

IN MEMORIAM

CARLOS GARCÍA MARTÍNEZ



Carlos García Martínez (Santiago de Compostela, 1945) faleceu o 17 de marzo de 2018. Foi membro correspondente da Academia dende 1972.

Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e autor de importantes achegas sobre arqueoloxía, prehistoria, folclore e etnografía de Galicia, foi patrón mentor e fundador do Museo do Pobo Galego, entidade que dirixiu tras a morte de Antón Fraguas e á que continuou vencellado desde outros postos de responsabilidade. Tamén foi membro do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, integrante da Comisión Xestora do novo Seminario de Estudos Galegos, patrón fundador da Fundación Castelao e da Fundación

Pedrón de Ouro, socio fundador da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga, presidente do Consello Galego de Museos e socio da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

No ano 1999 recibiu o Premio Trasalba, outorgado pola Fundación Otero Pedrayo.

VÍCTOR CAMPIO PEREIRA



Víctor Campio Pereira González (Maside, 15 de xullo de 1928 - Ourense, 24 de xullo de 2018). Membro correspondente da institución desde o ano 2011, o escritor publicou poesía, novela e ensaio, e participou desde os últimos anos da ditadura franquista de maneira moi activa na vida cultural de Ourense, onde faleceu aos 90 anos de idade.

Víctor Campio Pereira compaxinou a docencia coa produción literaria e un activismo cultural sempre vinculado a Ourense, onde se xubilou como profesor de secundaria no IES As Lagoas. A súa obra literaria abrangue varios libros de poesía —*O ar que nos leva* (1987), *Perdida luz* (2000), *O aire, a luz e o canto. Poesía reunida 1987-2006* (2008) e *Quince sonetos de*

amor e once poemas máis (2011) – a novela *Baixo o sol do Magreb* (1998) e o ensaio *Escritos en do menor* (2001). Tamén participou nas obras colectivas *Sete poetas ourensáns* (1992), *Poesía dos aléns* (2003) e *Poetas e narradores nas súas voces. II* (2006), e foi articulista en revistas e xornais, especialmente en *La Región*.

Foi distinguido como fillo predilecto de Maside, o seu concello natal, en 2010. No ano 2011 Víctor Campio Pereira foi nomeado membro de honra da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega e en 2012 concedéuselle o premio Sete Carballas da Insua dos Poetas. No mes de outubro de 2018, o autor foi homenaxeado en Ourense en recoñecemento a toda a súa traxectoria, nun acto organizado polo Ateneo de Ourense e o PEN Galicia no que tamén participou a Real Academia Galega.



Giulia Lanciani / Xosé Castro

EM MEMÓRIA DE GIULIA LANCIANI

Ivo Castro

A Professora Giulia Lanciani, catedrática de Língua e Literatura Portuguesa e Brasileira na Universidade La Sapienza, de Roma, e depois na Universidade Roma Tre, foi uma das mais influentes encaminhadoras dos estudiosos italianos para as coisas de Portugal e da Galiza. Desde que Angelo Colocci se interessou pela lírica galego-portuguesa e mandou realizar as cópias manuscritas sem as quais teríamos uma visão ainda mais incompleta do que foi o primeiro movimento literário no ocidente da Península Ibérica, uma espécie de pacto de reciprocidade ficou travado entre as culturas de Itália e do ocidente ibérico, que se mantêm em diálogo frutuoso até aos nossos dias. Temas da literatura e da cultura portuguesas, galegas, brasileiras e africanas de língua portuguesa continuam a figurar como escolhas prioritárias de gerações sucessivas de intelectuais italianos. E, a julgar pela qualidade e a densidade das gerações mais jovens, adivinha-se que a Itália continuará a ser, entre os países europeus, aquele em que esses estudos continuarão a ter as mais rasgadas ambições de sobrevivência. Será essa uma parte importante do legado de Giulia Lanciani, a par da sua obra pública e da memória que deixa nos que a conheceram de perto.

A sua perda – faleceu em Roma a 14 de novembro de 2018 – foi sentida com pesar pelos inúmeros “amigos, colegas e discípulos”. Esta fórmula, com que é costume agregar todos quantos foram iluminados pela passagem de um grande mestre, adquire neste caso especial significado perante a distribuição espacial das notícias de imprensa, dos comunicados de instituições oficiais e de cultura, dos *posts* individuais e de grupo e, na medida em que excedem as fronteiras do sentir privado, das mensagens trocadas entre os seus próximos. A geografia da dor que assim foi definida recobre a sua pátria natural italiana, onde durante anos dominou as áreas da sua especialidade, feito notável em país superabundante de personalidades fortes e distintas, mas recobre também as pátrias afectivas a que dedicou muito da sua escrita, da sua docência e da sua carinhosa presença: a Galiza e Portugal. Sendo mais vasto o mundo coberto pelas atenções de Giulia Lanciani, foram estes todavia os seus territórios predilectos.

Rosario Álvarez, quando acolheu Lanciani no ingresso de académica de honra na Real Academia Galega, em 7 de março de 2014, identificou no seu amplo currículo investigador três linhas privilegiadas, por ordem cronológica:

a) a “nossa” poesia lírica medieval, em que avultam uma dezena de artigos, a edição do cancionero de Fernan Velho, um manual sobre as cantigas de escárnio e maldizer com duas edições (galega 1995, portuguesa 1998), e esse livro-catedral que edificou com o companheiro dos seus dias: o *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa* (1993);

b) a literatura quinhentista portuguesa – clássicos como Gil Vicente e Camões –, mas principalmente o subgénero da literatura de viagens, e dentro deste as viagens marítimas, com as suas explorações, naufrágios e infortúnios: uma sequência de temas interligados que lhe mereceu quatro dezenas de título, culminando na bela monografia *Morfologie del viaggio*;

c) a literatura portuguesa contemporânea, com um pouco de século XIX: de novo, quatro dezenas de títulos, entre ensaios críticos e traduções para italiano de nomes como Pessoa, Carlos de Oliveira, Eugénio de Andrade, José Saramago, Sophia de Mello Breyner, Manuel Alegre; constituíram as suas traduções um importante veículo cultural, sendo de admirar tanto a mestria da versão literária e linguística, como a capacidade de influenciar as opções do mercado editorial de Itália.

Verifica-se, assim, que a geografia das manifestações de dor sentidas pela morte de Giulia Lanciani coincide, em grande medida, com a geografia dos seus amores culturais: as culturas da fachada atlântica da Península Ibérica, a que importa adicionar, na outra margem do oceano, o Brasil, a que dedicou quase duas dezenas de títulos de ensaios e traduções (Manuel Bandeira, Carlos Drummond de Andrade, Manoel de Barros, Jorge Amado foram alguns dos seus eleitos). Encontra-se assim traçado um círculo atlântico quase completo, a que não faltam incoativos toques africanos, um círculo de povos e de culturas entreligados pela língua, pela história, pelo mar das viagens e dos infortúnios, e pela atenção que lhes deu Giulia Lanciani.

A isto pode ser adicionada uma segunda reiteração do modelo: de facto, na sua obra adivinha-se ainda um outro círculo de terras que abraçam mar. Trata-se da linha que aproxima o catalão Salvador Espriu do sardo Antoni Canu e ambos da margem italiana de onde Lanciani partiu. Um círculo mediterrânico, afinal, mais próximo de casa.

Tanto nos vinte livros que escreveu e nos vinte livros que traduziu para italiano, como principalmente na sua centena e mais de artigos, dedicados a temas e figuras de Galiza, Portugal e Brasil, da África colonizada pelos portugueses, da Catalunha, e ainda de italianos conectados com as nações do Mediterrâneo ocidental, avulta conspicuamente a ausência da Espanha propriamente castelhana. Opção intelectual de quem não subscrevia a visão do mundo ibero-românico como uma grande Ibéria de núcleo castelhano, rodeado de nações periféricas só parcialmente individualizadas. Foi a essas culturas peri-ibéricas (galega, portuguesa,

catalã), e ainda às manifestações transatlânticas da expansão portuguesa, que Lanciani dedicou o mais do seu labor científico. E dessas culturas recebeu as mais expressivas manifestações de reconhecimento.

Grande-oficial da ordem portuguesa do Infante Dom Henrique (2011), Giulia Lanciani foi membro de honra da Real Academia Galega, sócia correspondente da Sociedade de Geografia de Lisboa e da Academia Arcadia. Recebeu os títulos de doutor *Honoris Causa* pela Universidade Nova de Lisboa (2003) e pela Universidade de Lisboa (2011). Obteve em Itália vários prémios literários e foi alvo de duas miscelâneas de homenagem: o volume *Criação e Crítica* (Lisboa, 2003) e o volume *Pola melhor dona de quantas fez nostro Senhor. Homenaxe á profesora Giulia Lanciani* (Santiago de Compostela, 2009).

Quando recebeu o título de Doutor *Honoris Causa* na Universidade de Lisboa, em 2011, a aula magna encheu-se com as habituais representações das várias escolas, entre as quais sobressaía um grupo de cerca de duas dezenas de doutores envergando insígnias de cor azul-celeste. Perguntava-se na sala que faculdade seria aquela, que usava cores então não conhecidas na academia lisbonense. A resposta – É a Faculdade de Filologia de Santiago de Compostela! – pode ter causado surpresa a alguns, devido à numerosa e distinta composição do grupo, mas fazia perfeito sentido a qualquer pessoa que conhecesse a Professora Lanciani e estivesse a par das suas íntimas ligações de estudo e afeição à Galiza e do carinho com que estas aí eram retribuídas. Sem esquecer, acrescenta-se, a fraterna e comum fruição de portugueses e galegos quando participam de momentos importantes como aquele, em que se rendiam graças a uma sábia italiana que tinha dedicado o melhor da sua inteligência e arte de viver à missão de conhecer e dar a conhecer a cultura de países que, vistos de Roma, facilmente seriam tomados por dois do mesmo, ou identificados como idênticos. O encontro de Lisboa foi assim, além de homenagem à personalidade de Lanciani, uma demonstração dos seus poderes de juntar e de associar, de promover unidade e unanimidade.

Conversar a sós com Giulia Lanciani sempre parecia um exercício de maiêutica, de que saíamos sabendo melhor quem éramos e o que queríamos, graças à sua arte de interrogar sem desviar de nós o olhar atento e sem nada esquecer do que disséssemos, mesmo que fossem insignificâncias pessoais apenas valiosas porque ela lhes atribuía importância. Essas artes, umas vezes de mineração de metais preciosos, mas outras de alquimia, enriqueciam os seus momentos de convívio, mas acham-se igualmente presentes em todos os aspectos da sua obra intelectual. O olhar de Giulia Lanciani enobrecia a matéria em que pousava.